

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

8383 *Orde ICT/657/2018, do 13 de xuño, pola que se modifican os anexos do Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto.*

A Lei 53/2007, do 28 de decembro, sobre o control do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso, na súa disposición derradeira primeira habilita os ministros de Industria, Turismo e Comercio, de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Defensa, de Economía e Facenda e do Interior, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren as disposicións necesarias para a súa execución e desenvolvemento. En cumprimento da dita disposición derradeira primeira ditouse o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto.

Pola súa parte, o número 1 da disposición derradeira cuarta do citado real decreto establece que o ministro de Economía e Competitividade, na actualidade a ministra de Industria, Comercio e Turismo, logo de informe da Xunta Interministerial Reguladora do Comercio Exterior de Material de Defensa e de Dobre Uso (en diante, XIMDDU), actualizará o contido das listas de control de materiais, produtos e tecnoloxías, de acordo cos cambios aprobados nos organismos internacionais, nos tratados internacionais, nos réximes internacionais de non proliferación e control das exportacións e na normativa da Unión Europea.

Dado que se produciron cambios nas listas de control dos réximes internacionais que afectan o anexo I e o apéndice de definicións do Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, cómpre modificalo, e este é o obxecto desta orde.

A modificación incorpora ao dereito interno español a Directiva (UE) 2017/2054 da Comisión, do 8 de novembro de 2017, pola que se modifica a Directiva 2009/43/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo á lista de produtos relacionados coa defensa.

Esta norma axústase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao levar a cabo a transposición dunha directiva europea, sendo o máis adecuado a modificación do Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso. Ademais, contén a regulación imprescindible e non xera cargas.

Esta orde recibiu o informe favorable da XIMDDU na súa reunión do 1 de marzo de 2018. Ademais, realizouse o trámite de audiencia pública, tal e como está establecido no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto.*

O Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, aprobado polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O título do artigo 7 e o subartigo 7.a do anexo I.1 quedan redactados como segue:

«7. AXENTES QUÍMICOS, “AXENTES BIOLÓXICOS”, “AXENTES ANTIDISTURBIOS”, MATERIAIS RADIOACTIVOS, EQUIPAMENTO RELACIONADO, COMPOÑENTES E MATERIAIS, SEGUNDO SE INDICA:

a. “Axentes biolóxicos” ou materiais radioactivos seleccionados ou modificados co fin de aumentar a súa eficacia para producir baixas na poboación ou nos animais, degradar equipamentos ou danar as colleitas ou o ambiente;»

Dous. Inclúese un número 41 dentro do subartigo 8.a do anexo I.1, coa seguinte redacción:

«41. FTDO (5,6-(3',4'-furazano)- 1,2,3,4-tetrazina-1,3-dióxido)».

Tres. O número 3 do subartigo 8.c do anexo I.1 queda redactado como segue:

«3. Boranos, segundo se indica, e os seus derivados:

a. Carboranos;
b. Homólogos do borano, segundo se indica:

1. Decaborano (14) (CAS 17702-41-9);
2. Pentaborano (9) (CAS 19624-22-7);
3. Pentaborano (11) (CAS 18433-84-6);»

Catro. Inclúese un número 23 dentro do subartigo 8.f do anexo I.1 coa seguinte redacción:

«23. TEPB (Tris (etoxifenil) bismuto) (CAS 90591-48-3);»

Cinco. Inclúese un novo subartigo 8.h no anexo I.1 xusto antes da nota 1, coa seguinte redacción:

«h. Pos e pezas de “materiais reactivos”, segundo se indica:

1. Pos de calquera dos seguintes materiais, cun tamaño de partículas inferior a 250 micras en calquera dirección, non especificados en ningunha outra parte do artigo ML8:

a. Aluminio;
b. Niobio;
c. Boro;
d. Circonio;
e. Magnesio;
f. Titanio;
g. Tántalo;
h. Volframio;
i. Molibdeno ou;
j. Hafnio;

2. Pezas, non especificadas nos artigos 3, 4, 12 ou 16, fabricadas a partir de pos especificados no artigo 8.h.1.

Notas técnicas:

1. Os “materiais reactivos” están concibidos para produciren unha reacción exotérmica unicamente a altas velocidades de cisallamento e para seren utilizados como conos ou carcacas para oxivas.

2. Prodúcese pos de “materiais reactivos”, por exemplo, mediante procesos de moenda en muíños de bólas de alta enerxía.

3. Prodúcese pezas de “materiais reactivos”, por exemplo, mediante o sinterizado selectivo por láser.»

Seis. Escríbense entre aspas as palabras «explosivos» e «propulsantes» que figuran dentro da nota do artigo 18, letras d, e, g, e h, do anexo I.1, como se indica a seguir:

«Nota: Os subartigos 18.a e 18.b inclúen os equipamentos seguintes:

d. Prensas extruidoras de fuso deseñadas especialmente ou modificadas para a extrusión de “explosivos” militares;

e. Máquinas para o corte de “propulsantes” en forma de macarrón;

g. Mesturadores de acción continua para “propulsantes” sólidos;

h. Muíños accionados por fluídos, para pulverizar ou moer os ingredientes de “explosivos” militares;»

Sete. Elimínase a definición «Adaptados para utilización en guerra» do apéndice de definicións.

Oito. Inclúese a definición de «Axentes biolóxicos» entre as definicións de «biocatalizadores» e «biopolímeros» do apéndice de definicións, coa seguinte redacción:

«7. “Axentes biolóxicos”:

Patóxenos ou toxinas, seleccionados ou modificados (por exemplo mediante alteración da pureza, caducidade, virulencia, características de diseminación ou resistencia á radiación UV) co fin de producir baixas en persoas ou animais, degradar equipamentos ou danar as colleitas ou o ambiente.»

Nove. Elimínase a nota técnica da definición de «Equipamento lóxico» (“software”) do apéndice de definicións, que queda redactada como segue:

«21. “Equipamento lóxico” (‘software’):

É unha colección dun ou máis “programas” ou “microprogramas” fixada a calquera soporte tanxible de expresión.»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Queda trasposta ao dereito interno a Directiva (UE) 2017/2054 da Comisión, do 8 de novembro de 2017, pola que se modifica a Directiva 2009/43/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo á lista de produtos relacionados coa defensa.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 13 de xuño de 2018.—A ministra de Industria, Comercio e Turismo, María Reyes Maroto Illera.